

Último borrador documento de mesa sectorial 21 de novembro 2006

PROXECTO DE ACORDO SOBRE XORNADA, RETRIBUCIÓNS, E CONDICIÓN DE TRABALLO DOS MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS DO SERGAS

O presente proxecto ten o seu baseamento normativo no Decreto 290/2001 do 31 de outubro e na Lei 55/2001 de estatuto marco dos servizos de saúde.

O principio xeral que inspira esta regulación é adaptar as condicións de traballo e retributivas á prestación sanitaria nos servizos de urxencia, en canto a organización e as actuais características do emprego nesta categoría con escaseza de demanda para cubrir as necesidades. Tras unha valoración global da problemática, e da constatación de condicións de traballo diversas neste colectivo, que impelen acadar un marco homoxéneo de ordenación e regulación, os principios e liñas de actuación son os seguintes:

1. A actividade asistencial en urxencias é ordinaria e continuada ao longo de todo o día e todo o ano e require a presenza activa do persoal. Por esa razón tanto a xornada como as retribucións terán en conta ditas especificidades.
2. Sen prexuízo dos horarios que cada centro poda determinar, haberá unha xornada ordinaria en termos de horas/ano en función de que dita prestación sexa en quendas de mañá, tarde e nocturna. Para estes efectos a incidencia do período nocturno na prestación de servizos anual terá especial relevancia.
3. Adecuaranse as retribucións complementarias para axustalas tanto á xornada realizada como ás especificidades da urxencia hospitalaria, coa análise das condicións particulares da prestación que deben ter incidencia en ditas retribucións complementarias, a realización do traballo en quendas, e no período nocturno.

Con esta adecuación retributiva debería ter carácter excepcional a aplicación de conceptos retributivos por exceso de xornada que tamén se prevén.

4. Con base nas características propias desta actividade profesional a quendas e con traballo nocturno constátase a necesidade de deseñar un plan de protección da saúde laboral para os profesionais da urxencia hospitalaria con medidas de adecuación aos postos de traballo e de cargas horarias así como a súa participación noutras áreas de actividade compatibles coa titulación de acceso ao posto de urxencias.

Tendo en conta o anterior, en reunión de mesa sectorial de 21 de novembro de 2006 adoptase o acordo seguinte:

Primeiro: Obxecto e ámbito

O presente acordo ten por obxecto regular a xornada, retribucións e determinadas condicións de traballo do persoal médico que preste servizos con vínculo estatutario fixo ou temporal nos servizos de urxencias hospitalarias e unidades adscritas a ditos servizos nas institucións sanitarias do SERGAS.

Segundo: Xornada de traballo e horario

1. Con carácter xeral, a xornada do persoal médico de urxencias hospitalarias será a establecida na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, para o persoal médico que realiza xornada ordinaria e xornada complementaria.

A distribución horaria da xornada será a que se determine pola dirección do centro a través da programación funcional do servizo ou unidade, que se recollerá nunha carteleira de traballo anual. A xunta de persoal será informada da mesma con anterioridade a súa efectividade.

2. A xornada ordinaria será de 1430 horas anuais efectivas e a xornada complementaria que abranguirá ata o límite das 48 horas semanais de promedio en cómputo semestral. Esta xornada distribuirase entre todo o persoal do servizo ou unidade, con base no horario, dos postos e das cargas de traballo. A xornada ordinaria e complementaria asignada a cada profesional, en cómputo mensual, será de entre 130 e 190 horas, sen prexuízo das adaptacións que podan realizarse para axustala ao ano, tida conta que as vacacións e os períodos de descanso non son tempo de traballo a efectos de computar a xornada efectiva.

No programa funcional poderán establecerse o/s posto/s de traballo nun servizo ou unidade de urxencias, cuxa actividade permita un tratamento singular en materia de horario, en quenda fixa sen nocturnidade. Dado que a realización de quendas nocturnas ten relevancia na xornada, nestes postos sen nocturnidade a xornada anual ordinaria será de 1624 horas efectivas coa distribución que se determine pola dirección do centro.

3. Poderá superarse o límite da xornada máxima establecida co consentimento do profesional.

Nos supostos de falta de persoal dispoñible para o mantemento da asistencia debida, a dirección do centro poderá adoptar medidas excepcionais que impliquen a superación do dito límite de xornada, polo tempo imprescindible e mediante resolución motivada, condicionadas á adopción de accións na busca da restitución da normalidade.

Último borrador documento de mesa sectorial 21 de novembro 2006

Tales supostos irán acompañados de medidas excepcionais de compensación, en xornada ou retributivas, a elección do traballador. As horas realizadas en exceso compensaranse co dobre do seu tempo en descanso; ou con un 75% adicional do seu valor.

4. As incidencias na aplicación desta xornada ao persoal temporal será obxecto de negociación na comisión de seguimento deste acordo.

Terceiro: Retribucións

1. As retribucións básicas e complementarias serán as correspondentes a un facultativo especialista de área no SERGAS, segan teñan ou non dedicación exclusiva, códigos orzamentarios SF-A-16, SF-A-17, SF-A-02, SF-A-11 recollidos na orden de confección de nóminas que anualmente publica a Consellería de Economía e Facenda.

2. As retribucións complementarias están vinculadas no seu devengo á realización de xornada, quendas, con nocturnidade, en domingos e festivos.

- I. **Complemento por turnicidade:** devengarase mensualmente pola realización da xornada en calquera horario (7,10,12, ou 24) que comprenda a prestación sucesiva do persoal en horarios de mañá, tarde e noite. Non se aboará este complemento cando o traballo se realice en quenda fixa.
- II. **Complemento por nocturnidade:** devengarase mensualmente pola realización da xornada en horario nocturno (a partir das 22 horas e ata as 8 horas).
- III. **Complemento por festividade:** Cando a actividade recae en horario de domingo/festivo.
- IV. **Complemento de xornada complementaria:** retribúe a realización de xornada complementaria por encima de 1430 horas anuais ou 130 horas mensuais, sempre e cando a superación deste horario non corresponda a unha xornada de quenda fixa.
- V. **Complemento de atención urxente:** de carácter fixo e periódico e devengo mensual. Retribúe á dispoñibilidade da extensión da xornada ata o máximo legal .

3. As contías das retribucións correspondentes a 2006 son as seguintes:

Categoría: Médico de urgencias hospitalarias

Total anual con pagas extras **41.382,26€**

Retribucións básicas e complementarias xerais:

Soldo base...	1.091,02 (14 meses)
Complemento de destino..	494,11 (14 meses)
Complemento específico..	763,29 (12 meses)
Produtividade....	671,10 (12 meses)
PRD.	78,34 (12 meses)

(Orde de confección de nóminas DOG nº15 de 23 de xaneiro)

Retribucións complementarias propias

Complemento de turnicidade: 70,70h/mes(12meses)	848,40€
Complemento por nocturnidade	4,03€/h
Complemento festividade (horas domingo / festivo)	9,59€/h
Complemento de xornada complementaria	25,5€/h
Complemento de atención urgente	154,61€/mes

Outros complementos

Complemento de produtividade variable	Mesmo importe que o persoal facultativo do SERGAS
Complemento de carreira profesional	O previsto para persoal facultativo no SERGAS nas mesmas condicións para o seu devengo e contías)

Quinto: Condicións de traballo

1. Programación funcional

Os plans funcionais serán o instrumento de adecuación das actuais condicións de traballo ao acordo e serán negociados cos traballadores das unidades e servizos.

O plan conterá a programación funcional da unidade/servizo e terá como contido mínimo a carteira de servizos, a determinación de postos de traballo e as características dos mesmos, o horario, a carteleira anual de presenzas e a rotación. Tamén, conterán formas regradas de actuación ante indisponibilidade de persoal para a cobertura excepcional de quendas de traballo, previsión de vacacións, horarios de reunión de traballo conxunta con todos os membros da unidades .

A programación funcional nas materias relacionadas coas condicións de traballo serán negociadas co persoal da unidade e procurará o acordo no seu deseño. De non haber acordo a dirección realizará a programación anual mediante resolución da dirección competente que a aprobe.

2. Proxectos compartidos con outras unidades

Se poderán realizar proxectos asistenciais e/ou proxectos de actualización formativa, conxuntos ou compartidos con outras unidades do propio centro ou doutros centros de especializada ou primaria do SERGAS, os proxectos permitirán a prestación de servizos temporais dos médicos de urxencias noutros postos de traballo e unidades coa finalidade prevista en ditos proxectos.

3. Actualización de coñecementos e participación na investigación e docencia

A dirección do centro, en función das súas características, determinará as condicións de realización das sesións clínicas dentro do seu horario de traballo. De non poder realizarse en horario de traballo, recoñecerase o dereito a compensación en xornada.

Tamén determinará as condicións de formación para actualización e mecanismos de participación na investigación e docencia.

4. Acceso a carreira profesional

A comisión de seguimento deste acordo realizará unha proposta de criterios de baremación para o acceso a carreira profesional nos termos da LOPS.

5. Sistemas de selección e provisión de postos

A comisión de seguimento do acordo propoñerá a dirección do SERGAS os sistemas selectivos axeitados para a vinculación fixa deste persoal que teña en conta a especificidade do traballo e a valoración de servizos noutros postos ou categorías da mesma titulación de acceso no SERGAS. Procuraranse sistemas de baremación e selección que fagan atractiva a vinculación aos postos de traballo nas unidades e que redunden na mellora da calidade asistencial.

No procedemento de provisión de postos de xefatura e urxencias, terase en conta como mérito preferente a experiencia profesional en postos de traballo de urxencias hospitalarias.

6. Saúde laboral

Con base nos resultados da avaliación de riscos realizarase un plan de vixilancia da saúde específico para os profesionais médicos que traballan nos Servizos/Unidades de Urxencias conforme ás pautas e protocolos específicos para este caso que se elaboren conforme ao disposto na normativa de prevención de riscos laborais.

Último borrador documento de mesa sectorial 21 de novembro 2006

No caso de que se detectase que algún traballador que polas súas características persoais, estado biolóxico ou discapacidade debidamente recoñecida, sexa especialmente sensibles ás condicións de traballo do seu posto procederase á aplicación das accións necesarias para a adaptación do seu posto de traballo segundo o procedemento que o Servizo Galego de Saúde elabore a tal fin a fin de garantir a protección da súa saúde.

O plan específico de saúde laboral están vinculados a adaptación ao posto de traballo, en función das cargas de traballo, a xornada realizada, e o horario en relación coas condicións de saúde laboral do médico. Con base nos resultados da avaliación as accións poderán ser de mobilidade de posto e adecuación horaria e de xornada.

Tendo en conta o anterior, no intre no que se incorporen novos profesionais por mor de incrementos nos cadros de persoal dos centros, reducirase a xornada complementaria en horario nocturno para os médicos maiores de 55 anos.

7. Persoal eventual

O persoal con vínculos de natureza temporal terá os mesmos dereitos e obrigas que o persoal fixo, e lle será aplicado este acordo nos mesmos termos. A Comisión de seguimento poderá acordar disposicións de aplicación deste acordo adaptadas a duración do nomeamento e a xornada realizada.

O persoal que se incorpore nos calendarios de traballo por mor de redución de xornada complementaria, prestará servizos nas mesmas condicións de horario e rotación que a prevista para o persoal de cadro na programación funcional.

8. Comisión de seguimento do acordo

De conformación paritaria entre membros designados pola administración sanitaria e os sindicatos asinantes. Velarán polo cumprimento do acordo nos centros e o tratamento homoxéneo aos profesionais da xornada, retribucións e condicións de traballo.

Así mesmo, elaborará un proxecto dirixido á dirección do SERGAS que permita a mobilidade do persoal médico de urxencias hospitalarias a outras unidades do SERGAS co obxecto de dotarlles dun itinerario profesional.

9. Disposicións finais

Entrada en vigor: O presente acordo terá efectividade ao día seguinte da súa publicación no DOG.